

Breve descripción dos elementos que conforman o sistema operativo que levan os equipos ABALAR, baseado na distribución LinuxDebian.

Ao arrancar o sistema temos a seguinte pantalla onde se describen cada un dos principais bloques de opcións:




Bloque de grupos de programas clasificados

Indicador do estado da conexión á rede

Forzar a saída dunha aplicación que non funciona correctamente ou se bloqueou

Permite:
Bloquear a pantalla
Cambiar usuario
Saír da sesión
Suspender
Hibernar
Reiniciar
Apagar

Contidos da Barra de tarefas e información



Facendo clic se agochan tódalas xanelas e móstrase a pantalla de benvida "Preferidos".
Pantalla principal

SIGALA (Sistema Integral de Xestión de Aulas e Localización do Alumnado). Esta ferramenta permítenos crear grupos de traballo aos que o alumnado poderá unirse para realizar actividades conxuntas.

O profesorado poderá configurar os grupos de traballo desde o seu interfaz de usuario, sendo visibles estes na interfaz de usuario do alumnado. Do mesmo xeito, o profesorado poderá ver ao momento se un alumno ou alumna se suma a un destes grupos.



Indicador do nivel de carga da batería

Control do son:
Sen son
Abrir o control do volume
Preferencias
Axuda
...


Rematar sesión de SIGALA iniciada.

Preferidos









 <p>Teclado en pantalla</p>	Teclado en pantalla.
 <p>Navegador web Firefox</p>	Navegador Web Firefox.





Ficheiros e cartafoles




Accesorios






 <p>Administrar traballos de impresión</p>	<p>Mostra o estado de impresión do documento que foi mandado imprimir. Similar a “cola de impresión” en Windows.</p>
 <p>Buscar ficheiros...</p>	<p>Buscador de ficheiros. Facendo clic co botón esquerdo accédese á ventá de busca.</p>
 <p>Calculadora</p>	<p>Acceso á utilidade “calculadora”. No menú “Ver” pódese elixir o tipo de calculadora entre os seguintes, con funcionalidades específicas: Básico, Avanzado, Financeiro, Científico e Programación.</p>
 <p>Facer unha captura de pantalla</p>	<p>Función para facer unha captura de pantalla. Ao facer clic co botón esquerdo pódese elixir a modalidade de captura: capturar todo o escritorio, capturar a xanela actual ou seleccionar a área a capturar.</p>
 <p>Editor de texto gedit</p>	<p>Editor de texto “gedit”. Similar ao block de notas en Windows.</p>
 <p>Mapa de caracteres</p>	<p>Mapa de caracteres. Mostra tódolos caracteres do idioma seleccionado. Obtense o código ASCII do mesmo.</p>


	<p>MyScriptStylus é un poderoso método de introdución interactivo que substitúe o teclado en calquera aplicación que requira introducir datos, como navegadores web, e-mails, calendarios, follas de cálculo, procesadores de texto, calculadoras e moitas máis.</p> <p>Con MyScriptStylus pódese converter en tempo real a escritura natural en texto dixital cun dos índices de precisión máis altos deste tipo de aplicacións. Ademais, a aplicación tamén inclúe un módulo de calculadora que permite a resolución de ecuacións matemáticas coa conversión de símbolos e díxitos, propondo o resultado da ecuación en tempo real.</p>
	<p>Tomboy é unha aplicación libre para tomar notas de gran utilidade. Permite darlle formato básico ao texto usando negriñas, cursivas, rachaduras e subliñado; tamén diferentes tamaños de texto. É coma se se fixera unha páxina HTML. Ten integrado un corrector ortográfico que nos indicará as palabras mal escritas e ademais podes facer procuras nas notas.</p> <p>Aínda por riba é extensible a través de plugins, co que as posibilidades son practicamente ilimitadas. Sen dúbida é unha aplicación moi interesante.</p>
	<p>Shutter (antes coñecido como GScrot) é unha aplicación cuxa finalidade é a realización de capturas de pantalla.</p>
	<p>Consola de comandos. Para usuarios de nivel avanzado.</p>


Ciencias











 <p>Avogadro</p>	<p>Avogadro é unha aplicación gratuíta e de código aberto dispoñible, entre outras plataformas, para sistemas GNU/Linux. Axuda a deseñar moléculas con todo detalle, con modelos tridimensionais completos e interactivos.</p> <p>Pódese editar e completar información sobre cada compoñente da molécula, identificándoo na composición e asignándolle distintos valores segundo sexa requirido no modelo.</p> <p>A aplicación resulta fácil de usar mesmo para principiantes. Nuns minutos contrólase a maioría das opcións e pódense empezar a construír moléculas en tres dimensións.</p>
 <p>Kalzium</p>	<p>Para consultar a táboa periódica dos elementos desde o PC.</p>
 <p>Rocs</p>	<p>Rocs é unha aplicación para a creación de algoritmos gráficos.</p>






Educación
















 <p>Administración do GCompris</p>	<p>Administración do paquete GCompris. Permite a creación de grupos, perfís de usuario, taboleiros de xogo e a elaboración de informes.</p> <p>GCompris constitúe un conxunto de xogos educativos de diversa índole co que os alumnos máis pequenos poden aprender a realizar diversas tarefas.</p> <p>A aplicación inclúe probas de todo tipo: intelixencia, habilidade, estratexia reflexos, matemáticas, ciencia...</p>
---	--

	<p>Algunhas resultan moi interesantes se se desexa iniciar a un neno no manexo do computador: unha fotografía formada por cadros que se irá descubriendo ao pasar o rato sobre ela, uns peixes que desaparecen ao facer clic sobre o seu corpo, etc.</p> <p>Pola outra banda, tamén hai xogos máis complicados, como o dun submarino que hai que mergullar antes de que choque cun barco: nuns segundos débese orientar o temón, encher ou baleirar os tanques de auga para optimizar o lastre, e moito máis.</p>
	<p>Ardora é un software deseñado para os profesionais da docencia co que poderán deseñar diversas actividades lúdico-didácticas para os seus alumnos.</p> <p>Con Ardora o profesor pode conseguir implicar ao alumno no temario cun toque de diversión. Grazas ás múltiples actividades distintas que se poden programar, o alumno recibirá os exercicios con moita máis motivación.</p> <p>En total, son máis de 30 tipos distintos de exercicios os que se poden deseñar con Ardora: sopas de letras, crucigramas, exercicios de relación de imaxes, quebracabezas, autodictados e moito máis.</p> <p>O programa é sinxelo de utilizar, apoiado nunha interfaz cómoda que inclúe os distintos pasos a seguir para completar cada unha das distintas actividades que se poden deseñar con Ardora.</p>
	<p>Blinken é un software libre: é un xogo similar a "Simón di". A idea é seguir o patrón de sons e luces.</p>
	<p>Dr. GEO é un programa tanto de xeometría interactiva como de programación na linguaxe Scheme. Permite crear figuras xeométricas, así como manipulalas interactivamente respectando as súas restricións xeométricas. Ofrece igualmente a posibilidade de introducirse gradualmente na programación. É útil para o ensino a estudantes de nivel básico ou superior.</p>
	<p>O sistema LIM é unha contorna para a creación de materiais educativos, formado por un editor de actividades (EdiLim), un visualizador (LIM) e un arquivo en formato XML (libro) que define as propiedades do libro e as páxinas que o compoñen.</p> <p>Vantaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non é necesario instalar nada no computador. • Accesibilidade inmediata desde internet. • Independente do sistema operativo, hardware e navegador web. • Tecnoloxía Macromedia Flash, de contrastada fiabilidade e seguridade. • Contorna aberta, baseado no formato XML. <p>Desde o punto de vista educativo :</p>

	<ul style="list-style-type: none"> • Contorna agradable . • Facilitade de uso para os alumnos e o profesorado. • Actividades atractivas . • Posibilidade de control de progresos. • Avaliación dos exercicios. • Non hai que preparar os computadores, é un recurso fácil de manexar. • Posibilidade de utilización con computadores, PDA e Lousas Dixitais Interactivas. • Creación de actividades de forma sinxela . <p>LIM precisa para a súa funcionamento o plug-in flash.</p>
 <p>Editor de esquemas gEDA</p>	<p>O proxecto gEDA ofrece ferramentas de software libre para o desenvolvemento de aplicacións electrónicas. Inclúe captura desde esquema (captura esquemática) usando "gschem", director de atributos "gattrib", lista de materiais, lista de nodos (netlist) en 20 formatos "gnelist", simulación analóxica e dixital "ngspice", "gnucap" e circuitos impresos en cartóns (PCB, do acrónimo en inglés Printedcircuitboard)</p>
 <p>eXe</p>	<p>Con eXe, calquera docente pode construír contido web didáctico sen necesidade de ser experto na edición e marcado con XML ou HTML. eXe pode exportar contido como páxinas web autosuficientes ou como paquetes IMS, SCORM 1.2 ou COMmonCartridge. Cremos que o eXeLearning é un excelente programa para editar contidos abertos e que pode ser de gran axuda para docentes con poucos coñecementos técnicos.</p>
 <p>FreeMind</p>	<p>FreeMind é unha fantástica ferramenta deseñada para crear mapas conceptuais que pode resultar de gran utilidade á hora de deseñar proxectos, estruturar apuntamentos ou, simplemente, para axudar a plasmar dalgunha maneira algunha idea interesante que rolde pola cabeza.</p> <p>Partindo dun punto central, grazas a FreeMind pódense ir engadindo e desenvolvendo cada guión pertinente nun nodo distinto, manténdooos separados en estrutura pero sendo perfectamente localizables.</p> <p>Con FreeMind pódense relacionar temas con extrema sinxeleza, enlazar contidos a páxinas web ou adaptar o aspecto visual engadindo iconas, cores, ligazóns gráficas, etc.</p>
 <p>GeoGebra</p>	<p>GeoGebra é un software de matemáticas desenvolvido por MarkusHohenwarter da Universidade de Salzburgo, que engloba xeometría, álgebra e cálculo. Por unha banda, é un sistema de xeometría dinámica. Permite realizar construcións tanto con puntos, vectores, segmentos, rectas, seccións cónicas como con funcións que a posteriori poden modificarse dinamicamente. Pola outra banda, pódense introducir ecuacións e coordenadas directamente, permite achar derivadas e integrais de funcións e ofrece un repertorio de comandos propios da análise matemática. A interfaz do programa consta de dúas xanelas, unha algebraica e outra xeométrica. Unha expresión na xanela algebraica correspóndese cun obxecto na xanela</p>


	<p>xeométrica e viceversa.</p>
	<p>O programa permite o uso de aplicacións multimedia directamente desde Internet e usa un formato estándar para o almacenamento de datos. Ademais, JClíc está desenvolvido nunha contorna sinxela, potente e intuitivo.</p> <p>JClíc é o programa principal, e serve para visualizar e executar as actividades. Permite crear e organizar unha biblioteca propia de proxectos e escoller entre diversas contornas gráficas e opcións de funcionamento.</p>
	<p>Esta ferramenta permite crear e modificar proxectos JClíc nun contorno visual moi intuitivo e inmediato. Tamén ofrece a posibilidade de converter ao novo formato os paquetes feitos con Clic 3.0 e outras prestacións como a publicación das actividades nunha páxina web ou a creación de instaladores de proxectos.</p>
	<p>KAlgebra é unha calculadora gráfica baseada en MathML. Aínda que nun principio estivo orientado a MathML, actualmente pode ser usado por calquera persoa, aínda que posúa poucos coñecementos matemáticos.</p>
	<p>Todo o que pasou polo período de aprendizaxe das fraccións, sabe que sen a práctica, a teoría non serve para moito. É por iso que existe software especialmente preparado para reforzar esta tarefa.</p> <p>KBruch é unha aplicación gratuíta e de código aberto para GNU/Linux que permite adestrar a capacidade de cálculo con fraccións.</p> <p>Contén catro modos de adestramento, cada un enfocado a unha operación concreta con fraccións: operacións básicas (suma, resta, multiplicación e división), comparación, conversión e factorización.</p> <p>KBruch irá almacenando os resultados de cada exercicio e realizando un cómputo xeral dos resultados. Isto axudaranos a facer unha avaliación correcta dos nosos avances.</p>
	<p>KGeography é unha aplicación gratuíta e de código aberto coa que se pode aprender xeografía de distintas formas, todas elas gráficas e en forma de minixogos.</p> <p>Pódese xogar a apuntar ao país que che digan, situar distintos territorios nun mapa baleiro, adiviñar o nome dun país a partir do seu capital e viceversa, pescudar un país a partir da súa bandeira e viceversa, etc.</p> <p>KGeography dispón de máis de 15 mapas distintos pertencentes a diferentes divisións, desde o planisferio completo até mapas das provincias e rexións dun país en concreto.</p>

	<p>HangMan é un xogo baseado no coñecido pasatempo do aforcado. Está dirixido a nenos de seis anos ou máis. O xogo ten varias categorías de palabras coas que xogar, entre elas Animais (palabras relacionadas con animais) e tres categorías de distinta dificultade: Fácil, Media e Dificil. O programa escolle unha palabra de forma aleatoria, ocultando as letras, e débese adiviñar a palabra probando unha letra tras outra. Cada vez que se pulsa unha letra equivocada, vaise debuxando unha parte da imaxe do aforcado. Hai que adiviñar a palabra antes de que o colguen! Para iso dispónse de 10 intentos.</p>
	<p>KLetres é unha aplicación moi sinxela que axuda a nenos e a adultos a aprender o alfabeto e algúns sons sinxelos do seu propio idioma ou dun estranxeiro. O programa elixe unha letra ou unha sílaba de forma aleatoria, esta letra ou sílaba móstrase en pantalla e escóitase o seu son. O usuario debe entón escribir esta letra ou sílaba. O adestramento finaliza nos niveis nos que non se mostra ningunha letra ou sílaba, e simplemente escóitase o seu son. Non é necesario que o usuario saiba manexar o rato, basta con utilizar o teclado.</p>
	<p>KTouch é un programa para aprender mecanografía. KTouch proporciona textos para o adestramento e adáptase a distintos niveis, dependendo do ben que se faga. Pode mostrar que tecla é a seguinte, e que dedo é o correcto para pulsala.</p>
	<p>KTurtle é un programa educativo deseñado para a programación. Forma parte da contorna de escritorio KDE. KTurtle incorpora elementos da linguaxe de programación Logo.</p>
	<p>Kverbos é unha aplicación gratuíta e de código aberto que permite estudar a conjugación dos verbos españois facilmente.</p> <p>A dinámica da actividade é sinxela. Irase propondo cada rolda un verbo e un tempo verbal. Con estes datos, haberá que encher os que se piden, é dicir: a conjugación do verbo nese tempo.</p> <p>A medida que se vai avanzando obterase maior ou menor puntuación, que se irá rexistrando no panel de resultados. Ademais, podéñse crear usuarios para rexistrar os resultados das sesións.</p> <p>Todo isto fai de Kverbos unha completa e educativa aplicación.</p>
	<p>KWordQuiz é unha potente ferramenta que permite aprender novos vocabularios. Estes poden ser dun idioma ou relacionados con calquera outro tipo de terminoloxía.</p>
	<p>Aplicación para a representación gráfica de funcións matemáticas.</p>

 <p>Paquete educativo GCompris</p>	<p>GCompris é un programa con diferentes actividades e xogos para nenos entre 2 e 10 anos de idade. As actividades están agrupadas por temáticas: Ciencia, Xeografía, Xogos, Memoria e Descubrindo a computadora son algunhas delas.</p>
 <p>Servidor de Informes JCLic</p>	<p>Este módulo permite xestionar unha base de datos na que se recompilarán os resultados obtidos polos alumnos ao realizar as actividades dos proxectos JCLic. O programa traballa en rede e ofrece tamén a posibilidade de xerar informes estatísticos dos resultados.</p>
 <p>Step</p>	<p>Step é un simulador interactivo de física. Permite explorar o mundo físico mediante simulacións. Funciona deste xeito: sitúanse algúns corpos na escena, engádense forzas como a gravidade ou molas, logo se preme simular e Step mostra a evolución da escena segundo as leis da física. Pode modificar cada propiedade dos corpos/forzas no experimento (mesmo durante a simulación) e ver como isto modificará a evolución do experimento. Con Step non só se aprende, senón que se sinte como funciona a física.</p>
 <p>Tux Math</p>	<p>TuxMath é un xogo educativo que permite a práctica de operacións aritméticas sinxelas de suma, resta, multiplicación e división.</p> <p>O xogo é unha especie de SpaceInvaders no que os alieníxenas foron substituídos por meteoros que van acompañados dun cálculo matemático que debe ser resolto antes de tocar o chan.</p> <p>Tux, a mascota do sistema operativo Linux, é o protagonista. Controla un raio láser que é capaz de destruír as enormes bólas de lume, pero para iso é necesario responder de forma correcta á operación.</p>
 <p>Tux Paint</p>	<p>Fantástica aplicación para nenos dedicada ao debuxo. Este pequeno programa permite a nenos de case calquera idade pintar e realizar debuxos co computador.</p> <p>Posúe un contorno amigable e moi adecuado para eles e unha facilidade de uso extremo.</p> <p>Presenta unha interfaz simple cunha tea de tamaño fixo, e dá acceso ás imaxes previas mediante un navegador de miniaturas (sen acceder ao sistema de arquivos subxacente).</p> <p>Sen dúbida unha aplicación ideal para a toma de contacto dos pequenos coa informática.</p>
 <p>Tux Typing</p>	<p>Moitos dos que traballamos a diario cun computador, aprendemos no seu día a usar o teclado como podemos.</p> <p>En cambio, hai maneiras moito máis cómodas e eficientes de escribir que non usamos por estar xa afeitos ao noso propio método.</p> <p>Unha solución bastante boa é usar TuxTyping, unha entretida aplicación para a aprendizaxe correcta de mecanografía que, a través de diferentes retos e competicións, axudarannos a escribir a máquina de forma máis eficiente.</p>

Ademais, TuxTyping adáptase a todo tipo de usuarios, desde pequenos até maiores, achegando diferentes niveis de dificultade a medida que vaíamos avanzando na nosa aprendizaxe.

Gráficos



GNU Paint

Se podemos pensar en GIMP como o equivalente de Photoshop en GNU/Linux, **Gpaint**(GNU Paint) é o equivalente de Paint para Windows.

GNU Paint é un programa moi sinxelo, que nos permite pintar e debuxar de forma fácil.



LibreOffice 3.3 Draw



Draw permítelle producir desde un bosquejo a un complexo plan, e dálle os medios para comunicarse con gráficos e diagramas. Cun tamaño de páxina máximo de 300 cm por 300 cm, Draw é un excelente paquete para producir debuxos técnicos, pósteres en xeral, e moito máis.


Pode organizar ao redor da pantalla as ferramentas de debuxo que comunmente se utilizan, listas para acceder cun só clic, e tomar vantaxe da caixa "Estilos e formato" para pór todos os estilos gráficos a un clic de distancia.

Pódense manipular obxectos, coa capacidade de rotalos en dúas ou tres dimensións. O "Controlador 3D" dálle acceso a esferas, aneis, cubos e outros obxectos.


Pódense organizar os obxectos, agrupándoos, desagrupando e reagrupando, e pódense editar mentres están agrupados. O renderizado sofisticado permite crear imaxes fotorealísticas cunha textura propia, efectos de iluminación, transparencia, perspectiva e máis.


Os conectores intelixentes fan que sexa fácil construír diagramas de fluxo,

	<p>organigramas, diagramas de rede e moito máis, mesmo se non se é un artista con talento natural. Pódense definir os propios "puntos de adhesión" para os conectores, para un posicionamento preciso e facilmente repetible.</p> <p>A dimensión automática de liñas calcula e mostra as dimensións lineais mentres debuxa.</p> <p>Pódese utilizar a galería para acceder ás imaxes proporcionadas de forma estándar, e pódese crear a propia obra de arte e agregala á galería.</p> <p>Pódense gardar os gráficos en formato OpenDocument, o novo estándar internacional para os documentos. Este formato baseado en XML significa que os arquivos poden ser abertos polos destinatarios que non son usuarios LibreOffice: os gráficos poderán ser accedidos con calquera software compatible con OpenDocument.</p> <p>Draw pode importar gráficos en todos os formatos de uso común (incluíndo BMP, GIF, JPEG, PNG, TIFF e WMF).</p> <p>Draw tamén pode exportar o traballo a formato Flash (.swf).</p>
	<p>A alternativa libre a Photoshop recibe o nome de The GIMP, acrónimo de GNU ImageManipulationProgram, unha ferramenta de código aberto multiplataforma que permite realizar practicamente as mesmas operacións que a popular aplicación de Adobe.</p> <p>Pódese utilizar The GIMP tanto para retocar imaxes como para crear outras novas. Os pinceis cos que conta a aplicación son a brocha, o lapis, o tampón de clonar e o aerógrafo.</p> <p>As características de The GIMP son practicamente as mesmas que as de calquera editor actual de imaxes: sistema de capas, canles alfa, historial de operacións, ferramentas de selección e transformación, máscaras, degradados, etcétera.</p> <p>Tamén pódese utilizar The GIMP para converter imaxes entre formatos, procesar arquivos por lotes ou editar formatos gráficos animados. Ademais, a funcionalidade do programa pódese ampliar mediante a utilización de plugins (hai máis dun centenar).</p> <p>Os formatos de imaxe cos que permite traballar son os seguintes: bmp, gif, jpeg, mng, pcx, pdf, png, ps, psd, svg, tiff, tga, xpm e mesmo svg.</p>
	<p>Scribus ofrece un gran rendemento na creación de publicacións por computador.</p> <p>A aplicación está deseñada para dar flexibilidade no deseño e a composición e ofrécenos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de preparar arquivos para equipos profesionais de filmación de imaxes. • Crear presentacións animadas e interactivas en PDF • Crear formularios en PDF • <p>Exemplos de aplicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pequenos periódicos e revistas • Carteis, folletos, trípticos • Boletíns de noticias


	<ul style="list-style-type: none">• Libros•
	<p>Shotwell é un Administrador de fotos para GNOME. Ten as seguintes Funcións:</p> <ul style="list-style-type: none">• Importa fotos de calquera cámara soportada por gPhoto.• Organiza as fotos polas datas en que se tomaron.• Edición non-destrutiva, permite editar fotos sen alterar as orixinais.• Publicar fotos a Flickr e Facebook.• Auto-mellora de fotos cun só click.• rotar, espejar fotos.• Reducir ollos vermellos, axustar exposición, saturación, tinguidura e temperatura das fotos.• Editar calquera foto, mesmo se non foi importada pola librería de Shotwell






Internet





	Navegador Web.
---	----------------


Ofimática





 <p>Administración da impresora de LibreOffice 3.3</p>	<p>Administrador da xestión da dos documentos enviados a impresora do paquete LibreOffice, que é unha suite ofimática libre e gratuita que funciona en moitos tipos de computadores e sistemas operativos, por exemplo Windows, Mac e GNU/Linux.</p>
 <p>Adobe Reader 9</p>	<p>Visor de documentos pdf.</p>
 <p>LibreOffice 3.3</p>	<p>LibreOffice é unha suite ofimática libre e gratuita que funciona en moitos tipos de computadores e sistemas operativos, por exemplo Windows, Mac e GNU/Linux. Dispón dun procesador de texto (Writer), un editor de follas de cálculo (Calc), un creador de presentacións (Impress), un xestor de bases de datos (Base), un editor de gráficos vectoriales (Draw), e un editor de fórmulas matemáticas (Math). LibreOffice creouse como unha bifurcación de OpenOffice.org en outubro de 2010, e está creada e mantida por unha comunidade liderada pola fundación The DocumentFoundation.</p>
 <p>LibreOffice 3.3 Calc</p>	<p>Editor de follas de cálculo (Calc) do paquete ofimático LibreOffice.</p>
 <p>LibreOffice 3.3 Impress</p>	<p>Creador de presentacións (Impress) do paquete ofimático LibreOffice.</p>


 <p>LibreOffice 3.3 Math</p>	Editor de fórmulas matemáticas (Math) do paquete ofimático LibreOffice.
 <p>LibreOffice 3.3 Writer</p>	Procesador de texto (Writer) do paquete ofimático LibreOffice.






Outras












 <p>SIGALA - Conectarse a un grupo</p>	<p>Conectarse a un grupo creado en SIGALA. SIGALA (Sistema Integral de Xestión de Aulas e Localización do Alumnado). Esta ferramenta permite crear grupos de traballo aos que o alumnado se poderá unir para realizar actividades conxuntas.</p> <p>O profesorado poderá configurar os grupos de traballo desde o seu interfaz de usuario, sendo visibles estes na interfaz de usuario do alumnado. Do mesmo xeito, o profesorado poderá ver ao momento se un alumno ou alumna se suma a un destes grupos.</p>
 <p>SIGALA - Crear grupo</p>	<p>Crear un grupo en SIGALA. SIGALA (Sistema Integral de Xestión de Aulas e Localización do Alumnado).</p>

Son e vídeo



	<p>Como moitos outros programas de licenza gratuíta GNU e de múltiples desenvolvedores, Audacity é unha aplicación moi completa e coidada para a edición de audio.</p> <p>Con este programa poderanse realizar desde tarefas comúns como recortar, mover e copiar fragmentos até agregar efectos á onda de son ou mesturar varios ficheiros e cancións.</p> <p>Audacity soporta todo tipo de formatos incluíndo os máis populares como WAV, AIFF, AU e MP3.</p>
	<p>Avidemux é unha aplicación libre deseñada para a edición e procesado de vídeo multipropósito. Está escrito en C/C++, usando as bibliotecas gráficas GTK+ e Qt, por tanto é un programa de procesado de vídeo universal, verdadeiramente independente da plataforma.</p>
	<p>Cheese é unha aplicación incluída no proxecto GNOME desde a súa versión 2.22, que utiliza a webcam para tomar fotografías e vídeos aplicando efectos especiais divertidos, ao estilo do Photo Booth de Apple.</p>
	<p>Control do volume do sistema de audio do equipo.</p>
	<p>SoundConverter é unha aplicación gratuíta e de código aberto para converter ficheiros a outros formatos de forma fácil.</p> <p>Permite realizar a operación de conversión con varios ficheiros á vez, engadíndoos á lista de conversión na xanela principal.</p>

	<p>De entrada, pode converter arquivos a formato MP3, WAV, FLAC ou OggVorbis; segundo indiquemos no cadro de configuración da conversión. Asómesmo, podemos configurar a calidade coa que serán comprimidos os ficheiros resultantes desde a xanela de preferencias.</p>
	<p>Gespeaker é unha aplicación de lectura de textos Open Source para GNU/Linux. Grazas a ela poderás introducir un texto na súa caixa preparada para iso, seleccionar un idioma, tipo de voz (masculina ou feminina) e escoitar como o software vai lendo o texto que introduciches.</p> <p>Algúns parámetros que poderás modificar para mellorar a calidade da lectura son o <i>pitch</i> (ou ton), volume, velocidade de locución e <i>delay</i> (retardo).</p>
	<p>Á hora de facer tutoriais ou de mostrar detalles dalgunhas aplicacións, unha imaxe vale máis que mil palabras.</p> <p>Por iso, agradécese ter sempre a man aplicacións como RecordMyDesktop, que permite realizar gravacións da pantalla e gardalas nun arquivo para enviar por correo electrónico ou colgar en internet.</p> <p>O seu funcionamento é moi sinxelo: pulsar o botón 'Gravar', realizar as accións necesarias e pulsar a icona de 'Stop' na bandexa de sistema.</p> <p>Logo, RecordMyDesktop permitiranos gardar o vídeo nun formato libre, como é Ogg, na localización que lle indiquemos.</p>
	<p>O Gravador de son é unha aplicación simple para gravar e reproducir diferentes arquivos de son.</p>
	<p>GWave é un editor de audio de gran capacidade e rapidez co que se poden realizar funcións básicas de edición ademais doutras opcións xa de carácter máis especial.</p> <p>O programa presenta unha interfaz de uso sinxelo e intuitivo, onde se visualiza a representación gráfica (en forma de onda) do ficheiro no que se estea a traballar, o que permite editalo de forma moito máis cómoda. Ten ademais función de zoom e posibilidade de personalizar o esquema de cores</p> <p>Entre as súas funcións está a selección de calquera fragmento de audio para copiar, pegar, cortar, inserir, substituír etc.</p>
	<p>Jokosher é un editor de audio libre, multipista, de carácter non lineal, cuxo código fonte se distribúe baixo GNU GPL. Está desenvolvido en Python, utilizando a interfaz GTK+ e GStreamer como un backend de audio. Ao principio só funcionaba no sistema operativo Linux, pero agora tamén funciona con Windows.</p> <p>Foi lanzado ao público o 21 de xullo de 2006. A versión 0.2 foi lanzada o 20 de novembro de 2006 e incluía respaldo a extensións e efectos LADSPA. Tamén resolveu moitos erros que facían que a versión 0.1 fose inutilizable.</p> <p>En 2010 lanzouse a versión 0.11.5, con paquetes preparados para Ubuntu, OpenSuse e Windows.</p>

	<p>Mobile Media Converter axuda a transformar os vídeos para que se poidan ver no PC en caso que se fixeran co móbil, ou no propio móbil se se tiñan no computador.</p> <p>É moi fácil de usar. Só cómpre escoller o arquivo, o lugar onde se vai a gardar e con que nome, e escoller o formato de saída. Mobile Media Converter fai o resto.</p> <p>Mobile Media Converter utiliza ffmpeg para as conversións, polo que é bastante rápido. Con todo, a lista de formatos soportados é moi limitada.</p>
	<p>MPlayer é o reprodutor de películas e animacións máis completo que existe para Linux. Reproduce arquivos MPEG, VOB, AVI, OGG/OGM, VIVO, ASF, WMA, WMF, QT, MOV, MP4, FLI, RM, NuppeVideo, YUV4MPEG, FILME, RoQ e PVA, é dicir, que poderás visualizar todo tipo de vídeos VCD, SVCD, DVD, 3ivX, DivX 3/4/5 e mesmo WMV.</p> <p>MPlayer conta con soporte para multitude de formatos tanto de entrada como de saída, iso e a súa funcionalidade fan deste programa un dos máis adecuados á hora de reproducir arquivos tanto de vídeo como animacións.</p>
	<p>OpenShot Video Editor vén a cubrir un oco que tradicionalmente tiveron os sistemas Linux fronte a sistemas operativos propietarios coma Windows e Mac, como é a edición de vídeo para o público en xeral.</p> <p>Esta aplicación en continuo desenvolvemento aspira a ser un editor de vídeo sinxelo e completo á vez, para que todos os usuarios de Linux poidan traballar con el independentemente dos seus coñecementos de vídeo.</p> <p>Ao estar baseado nos códecs FFMpeg, ofrece soporte para a maioría dos formatos de vídeo, audio e imaxe. Integrado no escritorio GNOME, permite colocar as diferentes escenas nunha liña temporal, coa posibilidade de previsualizar as transicións e editar os clips.</p> <p>Pode codificar vídeo, crear e engadir títulos, así como fragmentos de cores sólidos.</p>
	<p>PulseAudio é un servidor de son multiplataforma, capaz de funcionar por rede, licenciado baixo a licenza LGPL. Funciona baixo sistemas compatibles con POSIX como Linux e outros sistemas operativos como Microsoft Windows.</p> <p>Está pensado para ser unha substitución para o servidor EnlightenedSoundDaemon.</p> <p>As características principais de PulseAudio inclúen:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Unha arquitectura extensible baseada en plugin, con soporte para carga de módulos. • Compatible coa maioría de aplicacións de audio. • Soporte para múltiples fontes de audio e skins. • Operación de baixa latencia e soporte para medición de latencia. • Unha arquitectura de copia cero de memoria para un mellor rendemento dos recursos do procesador. • Unha interfaz de liña de comandos con funcionalidades de scripting. • Un "demonoid" (xestor de transferencia en tempo real) de son con funcionalidades de reconfiguración baixo liña de comandos. • Mostra de conversión incorporada e funcionalidades de mostraxe. • Capacidade para combinar múltiples cartóns de son nunha soa. • Capacidade para sincronizar múltiples fluxos de reprodución.



Rhythmbox pertence á categoría dos programas dedicados á organización e reprodución dos arquivos da propia colección de música.

Non é casualidade que Rhythmbox sexa o reprodutor de audio por defecto en Ubuntu, xa que a súa sinxeleza e a súa facilidade de manexo fano un dos reprodutores máis intuitivos na actualidade.

Só necesitamos introducir o cartafol que aloxa todos os nosos arquivos de audio para que o programa solicite toda a información referente a artistas, álbums e demais datos sobre cada arquivo. Tamén presta soporte para a reprodución de canles de radio por internet ou á recepción e reprodución de podcasts.

E por se isto fose pouco, Rhythmbox inclúe a opción de engadir funcionalidades extra a través da instalación de complementos.




WinFF é unha contorna gráfica para o coñecido conversor de vídeo FFmpeg, co que poderemos pasar facilmente e nuns poucos pasos dun formato a outro.

Para iso só hai que escoller onde se atopa o arquivo, onde gardaremos o resultado e o formato do mesmo.


Con todo, con WinFF tamén podemos personalizar o cociente de audio e vídeo e o tamaño do vídeo en pantalla.

WinFF é unha ferramenta ideal para facer máis sinxela a conversión de arquivos de vídeo en Linux.

Xogos



Blinken é software libre: é un xogo similar a "Simón di". A idea é seguir o patrón de sons e luces.



Está demostrado que os xogos de destreza mental axudan ao noso cerebro a razoar máis rápido, aumentan a nosa memoria e melloran a nosa velocidade de resposta.

Esas, entre outras, son as vantaxes que ofrecen programas como **gBrainy**, un xogo de adestramento mental para GNU/Linux.

Contén tres categorías de xogos: quebra-cabezas lóxicos, cálculo mental e adestramento de memoria. Ao acabar un xogo, pódense ver as estatísticas da partida, xunto aos consellos para progresar na destreza mental.

Por último, gBrainy tamén nos permitirá crear os nosos propios xogos, seleccionando as probas que queiramos afrontar. Moi útil para non alargar as partidas ou para botar competicións entre alumnos.



É un programa educativo pensado para nenos con Necesidades Educativas Especiais como axuda na aprendizaxe da lectura.

Polo momento consta de seis actividades:

- Palabras
- Sílabas
- Vocais
- Artigos
- Combina
- Frases

É un programa configurable polo usuario, que pode introducir novas palabras ou frases e os debuxos asociados a estas, segundo se vaian necesitando. Á vez permite distintas configuracións para distintos nenos, de tal forma que as palabras ou frases presentadas nas distintas actividades, poden ser distintas para cada neno.

Para reproducir as palabras e as frases utiliza Festival, un sintetizador de voz creado polo Centro de Investigación da Fala da Universidade de Edimburgo, de libre distribución. Isto fai que non haxa que ir gravando os distintos sons, e que o programa reproduza tanto as palabras/frases correctas como todos os posibles erros. Se non se instala Festival, o programa funcionará correctamente, pero non se ouvirán as palabras ou frases.







Xogar a Ler está escrito en Xava, o que o fai multiplataforma, distribuíndose baixo licenza GPL.



KHangMan é unha aplicación gratuíta e de código aberto que nos permitirá ampliar o noso vocabulario á vez que nos divertimos xogando ao clásico aforcado.


Ao principio pode resultarnos un pouco confuso, xa que as palabras que veñen instaladas por defecto están todas en inglés. Con todo, podemos descargar palabras en calquera outro idioma, incluído o español, desde o menú de aplicación.





A dinámica do xogo é a de sempre: enumerar as letras que cremos que poden estar na palabra oculta, de maneira que a podamos pescudar antes de que se complete o debuxo do aforcado.











 <p>Mahjongg</p>	<p>O xogo Mahjong (tamén escrito ou coñecido como mah-jongg-jongg, mahjongg, mijang, Xangai, Taipei, Morejongg, Mindjongg, MahjongSolitaire, etc.) ten como obxectivo o eliminar todas as fichas ou pezas do taboleiro. Trátase de atopar as imaxes similares nos extremos esquerdo e dereito das liñas nos varios niveis da pirámide e facer click sobre as parellas iguais ata que se acaben as posibilidades.</p>
 <p>Ri-li</p>	<p>Ri-li é un xogo similar ao da típica serpe, pero nesta ocasión o devandito animal substituíuse por trens e vagóns.</p> <p>Cal é a diferenza? Hai moitas. A principal é que o tren debe discorrer polos seus railes e non é posible abandonalos.</p> <p>Os diferentes vagóns están diseminados ao longo das vías. Cada vez que alcances un, este unirse á cola do teu tren.</p> <p>En cada cruzamento pódese decidir a dirección que tomar: continuar coa mesma dirección ou realizar un xiro. É tan fácil como accionar as frechas do teclado.</p> <p>O xogo dispón de 40 atractivos niveis, con efectos de sons e 3 melodías que che entreterán durante un bo intre. A pesar da súa aparencia infantil, a súa dificultade é bastante elevada.</p>
 <p>Sudoku</p>	<p>O xogo xaponés do Sudoku rompeu barreiras, e é cada vez maior o número de xente que se afeccionou a este excelente pasatempo.</p> <p>KSudoku é un xogo gratuíto e de código aberto que permite facer tantos sudokus como se queiran directamente desde a pantalla do computador.</p> <p>A súa interfaz está bastante coidada e posúe bastantes modos de dificultade, incluíndo a posibilidade de aumentar o número de casas, sendo o nivel máximo só apto para especialistas.</p> <p>Todo isto fai de KSudoku un pasatempo máis que divertido para fuxir do aburrimiento.</p>
 <p>Tali</p>	<p>Unha variante do póker con dados e menos diñeiro</p>
 <p>Tetravex</p>	<p>O GNOME Tetravex é un quebracabezas sinxelo onde as pezas deben colocarse de forma que os mesmos números vaian xuntos.</p>
 <p>Xadrez</p>	<p>GNU Chess é un xogo de xadrez totalmente gratuíto pensado para os que están cansos do solitario de Windows e buscan un entretemento mellor para as horas mortas.</p> <p>Trátase dunha nova presentación do xogo de mesa no que se poden configurar practicamente todos os parámetros da partida.</p> <p>Terase acceso a modificacións como a cor do taboleiro ou cambiar a perspectiva de visión. Ademais, GNU Chess inclúe varios niveis de dificultade e permite modificar o tempo de duración máximo da partida.</p> <p>Ademais, se non se dispón de moito tempo ou se ten que facer calquera cousa,</p>




o xogo ofrece a posibilidade de gardar a partida para retomala posteriormente.

Sistema





 <p>Aplicativos de inicio</p>	<p>Configuración das aplicación que se cargarán ao inicio do sistema operativo.</p>
 <p>Aplicativos preferidos</p>	<p>Aplicacións que aparecerán na pestana de preferidos na pantalla de entrada.</p>
 <p>Atallo de teclado</p>	<p>Configuración da combinación de teclas para activar funcións habituais.</p>
 <p>Calibrar Pantalla</p>	<p>Con esta opción poderemos calibrar a pantalla interactiva. So resta seguir as indicación para a súa calibración.</p>

 <p>Monitores</p>	Control dun monitor conectado ó Netbook.
 <p>Preferencias de PulseAudio</p>	Axustes da aplicación servidor de son multiplataforma.
 <p>Protector de pantalla</p>	Configuración do protector de pantalla.
 <p>Proxy da rede</p>	Configuración do acceso a través dun proxy.
 <p>Rato</p>	Configuración do funcionamento do rato. Orientación (destro ou zurdo), velocidade do punteiro e tempo de espera do dobre clic. Configuración da accesibilidade e da área táctil.
 <p>Sobre min</p>	Datos persoais do usuario “alumno”.
 <p>Son</p>	Axustes das preferencias de son. Volume e axustes de niveis de sinal de entrada e saída, e selección de sons de alerta.
 <p>Teclado</p>	Axustes das preferencias do teclado. Axustes de velocidade e accesibilidade.
 <p>Tecnoloxías adaptadas</p>	Configuración do entorno que permite a interacción amigable da persoa coa computadora para superar as barreiras ás que está sometida debido á súa discapacidade.
 <p>Utilidade de disco</p>	Ferramenta de mantemento dos volumes do sistema e os conectados ao notebook. Permite o formateo das unidades o montaxe e desmontaxe dos volumes. Editar as particións e borralas. Comprobar o sistema de ficheiros.

 <p>Wicd Network Manager</p>	Administrador de redes WiFi. Detecta as redes abertas ou pechadas con seguridade.
 <p>Xanelas</p>	Xestión da apertura das xanelas.
 <p>Xestión de enerxía</p>	Xestión da alimentación do equipo mediante a batería.

NOTA:

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	Esta documentación esta subvencionada pola <i>Consellería de Educación e Ordenación Universitaria</i>
 <p>CC BY NC SA</p>	Este documento está baixo a licenza <i>Creative Commons CC-BY-SA</i>